

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SAN COSME

CURSO: 3º

MATERIA: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas

DATA: 7 de maio do 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.
B1.9. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
B1.10. Usar, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas	LGB1.10.2. Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente.
B1.12. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.12.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs, infantís, libros, carteis).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto.

B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
B2.5. Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.	LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. LGB2.6.3. Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.9.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido. LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
B3.5. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.5.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cingirse a elas.

	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.
B4.5. Usar o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado.	LGB4.5.1. Usa o dicionario en papel ou dixital de xeito guiado.
B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.	LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
B4.7. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	LGB4.7.1. Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.
B5.2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. LGB5.7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

B2. 3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. LCB2.3.5. Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. B3.5. Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos.	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. LCB3.5.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.
B3.6. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.6.1. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. LCB4.3. 4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
B4.5. Valorar a diversidade lingüística da comunidade autónoma.	LCB4.5.1. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma.

B5.1. Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información.	LCB5.1.1. Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información.
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
B.5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	LCB.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

MATEMÁTICAS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B1.3. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.	MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000. MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

B3.2. Operar con diferentes medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.
B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións
B4.1. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (ladros, vértices, caras, arestas e ángulos). B4.4. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice). MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A avaliación das tarefas realizadas durante a suspensión da actividade presencial será unicamente positiva para o alumnado. - A avaliación final das aprendizaxes terá en conta o aprendido nos dous primeiros trimestres e tamén as actividades de reforzo, repaso, e ampliación realizadas durante o terceiro trimestre. - Valorarase positivamente a actitude do alumnado, a participación activa, a presentación das tarefas en tempo e forma, o interese mostrado, ... - A avaliación será continua e reflectirá o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances ou atrasos coa finalidade de planificar e programar o vindeiro curso académico. <hr/> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rexistro das tarefas realizadas - Titorías telemáticas no Google Classroom
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final de curso faremos a media aritmética das dúas primeiras avaliacións coa posibilidade de acadar até un punto extra pola participación activa nas plataformas virtuais.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os establecidos no primeiro e segundo trimestre <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O interese mostrado, a participación activa, a evolución positiva nas tarefas entregadas e acadar os criterios de avaliación dos trimestres que anteriores que tivera suspensos. <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rexistro das tarefas realizadas - Titorías telemáticas no Google Classroom

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de repaso e reforzo do primeiro e segundo trimestre. Actividades de recuperación para o alumnado con maiores dificultades e de ampliación para aqueles con máis facilidade na adquisición de contidos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Co alumnado con posibilidade de conectividade no fogar mantemos un intercambio de información constante. A observación das actividades realizadas e subidas á plataforma é inmediata e desta maneira pode darlles indicacións máis precisas de que cousas deben revisar ou prestar máis atención. Tamén realizo publicacións na aula virtual con vídeos interesantes e educativos para que eles comenten. Facemos tamén proxectos grupais para o colexio, como a revista escolar. O intercambio tamén se fai cando realizamos videochamadas para comentar dúbidas, consultar o estado emocional e incentivar positivamente ao traballo.</p> <p>Para o alumnado sen conectividade á plataforma dixital, a corrección do material é a través de fotos enviadas por WhatsApp e indicacións para as correccións descritas a través desta plataforma de mensaxería gratuíta.</p>
Materiais e recursos	<p>Para o alumnado con posibilidade de conectividade no fogar empregamos a Aula Virtual do colexio e unha aula en Google Classroom para coordinar e publicar o traballo. E tamén:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caderno de traballo de Santillana - Fichas de reforzo e ampliación de Santillana - Caderno do/a alumno/a - Vídeos - Proxectos (Letras galegas, “Queda na casa”, ...) <p>Para o alumnado sen conectividade o Concello colaborou na entrega de material impreso de reforzo e ampliación.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Contacto a través da mensaxería propia do Google Classroom ou do e-mail.
Publicidade	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsancosme/